DEPUTACIÓN DE LUGO

**D E C R E T O**

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

"Por acordo da Xunta de Goberno do 29/04/2022, apróbase a convocatoria e bases específicas para o ingreso como funcionario/a de carreira en oito (8) prazas denominadas Auxiliar Sala, escala administración especial, subescala servizos especiais, praza de cometidos especiais, grupo C-subgrupo C2, (corrección erro material Xunta de Goberno 29.04.2022 e BOP núm. 108, do 12.05.2022), correspondentes á OEP do ano 2019, mediante o sistema de concurso-oposición libre. Dita convocatoria publicouse no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP) de Lugo núm. 105, do 09/05/2022, no DOG núm. 108, do 07.06.2022 e no BOE núm. 137, do 09/06/2022.

As bases xerais que rexen esta convocatoria foron aprobadas por acordo da Xunta de Goberno de 12.03.2021 e publicadas no BOP núm. 101, do 06/05/2021.

A proposta de nomeamento realizada polo Tribunal e a relación da persoa non seleccionada para a inclusión nas listaxes de emprego temporal da Deputación Provincial de Lugo fíxose pública na web corporativa e no taboleiro de anuncios da entidade en data 29/12/2022.

Resolto definitivamente o procedemento selectivo por acordo da Xunta de Goberno de 19/05/2023 (BOP núm. 117, do 24.05.2023), proponse á presidencia que, para cumprimento do sinalado na base xeral 9.3 e en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local resolva:

**1º.-** Aprobar a creación ou incorporación (segundo corresponda) da persoa proposta polo Tribunal que a continuación se indica, nas listaxes de emprego temporal da Deputación de Lugo de Auxiliar de Sala, para prestar servizos temporais como funcionarios/as interinos/as por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do RDL 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do emprego público ou no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores.

| APELIDOS E NOME | CUALIFICACIÓN FINAL |
|---|---|
| LÓPEZ VÁZQUEZ, SALETA | 33,150 |

O presente documento estará exposto no Taboeiro de Anuncios desta Deputación desde o día 19-06-2023 ata o día 19-07-2023
O XEFE DA UNIDADE PORTERÍA E VIXIANCIA P.O.

San Marcos, 8 - 27001 Lugo - Tel.: 982 260 000 - Fax: 982 260 165 www.deputacionlugo.org

**2º.-** Que a creación ou incorporación na listaxe de Auxiliar de Sala se realice conforme aos criterios que rexen a incorporación de persoal temporal na Deputación de Lugo establecidos nas resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 8/10/2009), 16/12/2011 (BOP núm. 294, do 26/12/2011) e 14/02/2019 (BOP núm. 39, do 15/02/2019).

**3º.-** Que a creación ou incorporación na listaxe teña vixencia dende o día seguinte o da publicación da presente resolución na páxina web corporativa e no taboleiro de anuncios da entidade."

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

**O PRESIDENTE,**
P.D. Decreto de data 26-07-2019
**O DEPUTADO PROVINCIAL,**
**EN FUNCIÓNS,**

**O SECRETARIO,**

Asdo: Pablo Rivera Capón

O presente documento estará exposto no Taboeiro de Anuncios desta Deputación
desde o día 19-06-2023
ata a día 19-07-2023
O XEFE DA UNIDADE PORTERÍA E VIXIANCIA
P.D.


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7OZWI2LY5SVFH4BVFRNZRG4A | Fecha y Hora | 16/06/2023 14:35:21 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | PABLO RIVERA CAPÒN | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OZWI2LY5SVFH4BVFRNZRG4A | Página | 2/2 |